



Produto interior bruto

NOTA 1: Os datos do PIB correspondentes aos anos precedentes están a sufrir variacións trimestre a trimestre, de xeito que a consulta de edicións anteriores deste Boletín amosa numerosas alteracións de ditos valores. A causa destas modificacións reside en que, nestes intre, os datos anuais de 2021 son aínda provisionais, mentres que os datos anuais de 2022 e 2023 son avance.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España

	% (T/T-4)	2018	2019	2020	2021	2022	2023	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24
Galicia		3,0	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8	2,9	3,5	2,4	3,3	2,3	1,0	0,6	0,7	-4,6	-18,5	-6,5	-6,0	-0,7	18,8	6,8	7,1	6,4	5,6	2,7	1,9	3,2	1,5	0,9	1,8	2,0
España		2,3	2,0	-11,2	7,0	5,8	2,5	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,6	-21,7	-9,2	-9,2	-3,6	19,4	5,1	7,0	6,8	7,2	5,4	3,8	4,0	2,0	1,9	2,0	2,5

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



O PIB galego no primeiro trimestre de 2024 medrou en 1,3 puntos porcentuais respecto do anterior, o que o levou a un incremento de 2,0 puntos en termos interanuais, lixeiramente por riba do previsto. O PIB en España para o mesmo período medrou en 0,8 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior e, en termos interanuais, a variación do PIB español se sitúa no 2,6%, de novo por riba das previsións.

O Gráfico 1, que amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual, reflicte que, logo de que a pandemia alterase a evolución do crecemento económico dun xeito extremo -con fortes caídas do PIB interanual durante cinco trimestres consecutivos, e incrementos tamén superiores ao habitual durante os oito trimestres seguintes- desde o segundo trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. O Gráfico 2, que recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, indica que as recuperacións dos volumes de actividade previos á pandemia das economías galega e española acadáronse no terceiro trimestre de 2021 e no de 2022, respectivamente, e que as dúas economías continúan coa súa tendencia ascendente desde entón.

As previsións avanzadas para o segundo trimestre de 2024 recollen un 0,8% de suba do PIB en España respecto do primeiro trimestre de 2024 e un incremento do 2,9% en termos interanuais. As previsións para Galicia neste período para este período son de subas porcentuais do 0,5 intertrimestral e do 2,5 interanual.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 2: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.255,4	-4,0	-0,3	6,5	0,5
España	24.440,0	212,1	0,9	373,3	1,6

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do segundo trimestre de 2024 recolle a diminución da **poboación activa** galega en -4.000 persoas (o -0,3%) respecto do anterior, dato que contrasta cun crecemento do 0,9% en España no mesmo período (212.100 persoas). Con respecto do segundo trimestre de 2023 tanto a poboación activa


galega (0,5%) como a española (1,7%) amosaron crecemento, aínda que menos intenso en Galicia.

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou en 7.800 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o 0,7%), crecemento tamén por baixo da media española, logo de que a ocupación en España aumentara en 434.000 persoas. Respecto do segundo trimestre de 2024 producíronse incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 3.800 (o 0,3%) como en España, onde o fixeron en 426.300 (o 2,0%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no segundo trimestre de 2024 ata o 48,0%, taxa superior en sete décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en máis de catro puntos porcentuais á taxa do 52,3% rexistrada en España neste trimestre, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España medrou en dúas décimas respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, produciuse unha redución do paro no trimestre de 11.800 persoas, o que supuxo unha forte diminución do -9,0% en termos porcentuais, mentres que a diminución do número de persoas en paro en España foi de 222.600 persoas (redución do -7,5%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro medrou en Galicia en termos interanuais en 2.600 persoas, que representan un incremento interanual do paro do 2,3% que contrasta co acontecido en España, onde se rexistrou un descenso do paro respecto ao segundo trimestre de 2023 de -52.900 persoas (o -1,9%). Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 9,5% mentres que a española pasou a ser do 11,3%.

Os Boletíns mensuais do paro rexistrado indican que no primeiro trimestre de 2024 o **paro rexistrado** reduciuse no -8,6% (-11.073 persoas) respecto do trimestre pasado. Respecto do remate do segundo trimestre de 2023 rexistrouse a mesma redución do -8,6% en termos porcentuais logo de que o paro rexistrado diminuíra en -11.566 persoas, redución inferior en catro décimas á que se produciu ao remate do trimestre anterior. Así, o Gráfico 3, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos segundos trimestres aparecen sinalados na cor verde- indica que o paro rexistrado leva 39 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución aumentou no mes de abril para verse reducido nos meses de maio e xuño. As porcentaxes de redución do paro rexistrado mantivéronse entre o -8,5% e o -9,5%.

Por sexos, o trimestre péchase sen grandes variacións, cun aumento na diferenza entre o número de mulleres e o de homes que se rexistran como parados de preto de 500 persoas, co que a diferenza en termos absolutos supera as 20.100 persoas. En termos porcentuais isto supón



o 48% no balance total de persoas que deixaron de estar rexistradas como paradas, co que a redución do paro rexistrado foi superior entre as persoas de menos de 45 anos de idade. En termos interanuais, e tal e como ven de acontecer en anteriores trimestres, a redución do paro rexistrado máis acusada produciuse entre as persoas de entre 30 e 44 anos de idade, único grupo no cal a redución foi superior á redución media observada. Para o grupo de maior idade, a redución observada estivo cada mes por baixo da redución da media mensual.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2024

2T24	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	126.334	122.036	117.938	-2.677	-4.298	-4.098	-2,1%	-3,4%	-3,4%	-13.009	-12.398	-11.086	-9,3%	-9,2%	-8,6%
Homes	52.995	50.836	48.887	-1.664	-2.159	-1.949	-3,0%	-4,1%	-3,8%	-4.729	-4.385	-4.102	-8,2%	-7,9%	-7,7%
Mulleres	73.339	71.200	69.051	-1.013	-2.139	-2.149	-1,4%	-2,9%	-3,0%	-8.280	-8.013	-6.984	-10,1%	-10,1%	-9,2%
<30 anos	13.851	12.913	12.351	-546	-938	-562	-3,8%	-6,8%	-4,4%	-1.794	-1.759	-1.103	-11,5%	-12,0%	-8,2%
entre 30 e 44 anos	35.084	33.735	32.311	-892	-1.349	-1.424	-2,5%	-3,8%	-4,2%	-5.290	-4.608	-4.206	-13,1%	-12,0%	-11,5%
>44 anos	77.399	75.388	73.276	-1.239	-2.011	-2.112	-1,6%	-2,6%	-2,8%	-5.925	-6.031	-5.777	-7,1%	-7,4%	-7,3%
Agricultura e Pesca	4.041	3.872	3.725	-143	-169	-147	-3,4%	-4,2%	-3,8%	-516	-575	-546	-11,3%	-12,9%	-12,8%
Industria	12.448	12.042	11.653	-281	-406	-389	-2,2%	-3,3%	-3,2%	-1.785	-1.685	-1.645	-12,5%	-12,3%	-12,4%
Construción	8.444	8.180	7.913	-281	-264	-267	-3,2%	-3,1%	-3,3%	-1.247	-1.129	-1.092	-12,9%	-12,1%	-12,1%
Servizos	89.976	86.755	83.715	-1.814	-3.221	-3.040	-2,0%	-3,6%	-3,5%	-8.822	-8.331	-7.168	-8,9%	-8,8%	-7,9%
Sen emprego anterior	11.425	11.187	10.932	-158	-238	-255	-1,4%	-2,1%	-2,3%	-639	-678	-635	-5,3%	-5,7%	-5,5%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado , Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia

Para rematar coa análise do paro rexistrado, a evolución mes a mes nos distintos sectores de actividade foi a que ven sendo típica do segundo trimestre: reducións para cada mes e sector, máis fortes en maio e xuño que en abril e nos sectores agrícola e de servizos que no resto. Todos os meses e sectores amosan reducións superiores ao -2% (e, o caso do sector agrícola, ao -3%) coa excepción do grupo de persoas sen emprego anterior durante o mes de abril. Este grupo foi o que amosou unha redución máis débil no número de persoas rexistradas como paradas en cada un dos meses. Respecto do acontecido fai catro trimestres as reducións no paro rexistrado foron maiores nos sectores primario e industrial, con diminucións mensuais que se moveron entre o -11% e -13%. As reducións no sector servizos, o máis numeroso, ficaron unhas décimas por baixo da redución media. No grupo de persoas sen emprego anterior a redución interanual rexistrada ficou entre o -5% e o -6%

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
2T2024	182.999	30.656	20,1%	-5.211	-2,8%
Homes	96.409	16.564	20,7%	-881	-0,9%
Mulleres	86.590	14.092	19,4%	-4.330	-4,8%
<30 anos	63.627	14.477	29,5%	-996	-1,5%
entre 30 e 44 anos	65.711	7.674	13,2%	-3.934	-5,6%
>44 anos	53.661	8.505	18,8%	-281	-0,5%
Indefinido	57.618	3.720	6,9%	-5.875	-9,3%
Temporal	124.150	26.966	27,7%	1.029	0,8%
Prácticas / Formación	361	-667	-64,9%	-613	-62,9%
Outros	870	637	273,4%	248	39,9%
Agricultura e Pesca	4.638	-370	-7,4%	-741	-13,8%
Industria	28.444	3.786	15,4%	1.283	4,7%
Construción	7.426	-21	-0,3%	-106	-1,4%
Servizos	142.491	27.261	23,7%	-5.647	-3,8%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia

mulleres. Na comparanza cos datos do segundo trimestre de 2023 o número de contratos novos reduciuse tanto entre os homes como entre as mulleres, pero mentres que nos homes o número de novos contratos asinados diminuíu en menos dun punto porcentual, no caso das mulleres a diminución ficou preto do -5%.

Por rangos de idade o aumento da nova contratación foi máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (preto do 30%) e foron o único grupo de idade para quen os novos contratos medraron por riba do incremento medio. Esta tendencia foi a oposta á rexistrada no primeiro trimestre do ano. Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o número de novos contratos asinados diminuíu en todos os rangos de idade, se ben a redución foi maior no grupo de entre 30 e 44 anos, único grupo no cal dita redución de novos contratos asinados superou a redución media rexistrada, todo isto en liña co que xa acontecera o trimestre anterior.

Os distintos sectores de actividade amosaron un comportamento moi dispar respecto do primeiro trimestre de 2024. Mentres que a contratación en servizos -con moito a máis numerosa- aumentou con forza, tal e como é habitual nun segundo trimestre, cómpre subliñar o bo comportamento da contratación na industria (aumento por riba do 15%) e tamén que a contratación na construción mantivérase case constante respecto da rexistrada no primeiro trimestre. Porén, a contratación no sector primario viuse reducida en máis do -7%, dato que non está en liña co que sucedera nos segundos trimestres de anos anteriores. Ao comparar os datos cos de fai catro trimestres destaca de novo o incremento na contratación na industria, que racha cos descenso rexistrados no resto de sectores, entre os cales destaca de novo o do sector primario, que fica preto de amosar un descenso do -14% no número de novos contratos asinados


Para rematar, a contratación nova segundo o tipo de contrato asinado amosa incrementos importantes respecto do primeiro trimestre, de xeito especial no que atinxe á contratación temporal e á categoría de Outros -estes últimos están preto de multiplicarse por catro- mentres que os contratos novos en prácticas/formación caen con forza. Respecto ao segundo trimestre de 2023 medran tamén os contratos temporais e mais os Outros. Os novos contratos indefinidos reducíronse por riba do -9% respecto dos asinados fai catro trimestres.

que suba a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas en preto dun punto, ao ficar no 58,5% fronte ao 57,6% co que se pechou o pasado trimestre. Respecto do segundo trimestre de 2023 esa diminución é de catro décimas, xa que ao remate de aquel trimestre o paro feminino rexistrado era o 58,9% do total.

Se atendemos á evolución en función do grupo de idade respecto do trimestre anterior vemos que para cada mes e grupo de idade houbo redución do paro rexistrado durante o segundo trimestre de 2024. Estas reducións foron máis modestas en abril e maiores nos meses de maio e xuño para cada rango de idade. Atendendo a ditos rangos apréciase como a reducion foi maior en termos porcentuais canto menor é a idade recollida en cada grupo. Así, o grupo de menores de 30 anos, que supón o 10,5% do total de persoas rexistradas como paradas, viuse reducido neste trimestre en máis do 18% mentres que o grupo de 45 ou máis anos, que supón o 62% do total representou só

	Afilación media mensual 2º trimestre 2024 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.068.335	1.077.292	1.084.871	6.740	8.957	7.579	0,63%	0,84%	0,70%	18.020	18.207	17.641	1,72%	1,72%	1,65%
España	21.101.505	21.321.794	21.392.889	199.538	220.289	71.095	0,95%	1,04%	0,33%	486.516	506.395	522.949	2,36%	2,43%	2,51%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Traballo e Economía Social)



A **afiliación media** en Galicia pecha o segundo trimestre de 2024 cun aumento no número de afiliacións de 23.276 persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, incremento que se rexistrou en cada un dos meses do trimestre, en porcentaxes que varían entre o 0,6% e o 0,9%, e que seguiu o patrón histórico do segundo trimestre. A afiliación media en España seguiu un patrón similar de subidas mes a mes durante o trimestre cun incremento trimestral da afiliación media que superou as 490.000 persoas.

O *Gráfico 4* recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a crecer en Galicia e acadou 39 meses consecutivos de crecemento. Respecto da rexistrada ao peche do primeiro trimestre de 2024 o ritmo de crecemento da afiliación media interanual mantense nos mesmos niveis que ao remate do trimestre anterior, con diminucións do ritmo de incremento da afiliación media menores

a unha décima tanto en Galicia como en España. Con estes datos o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto ao rexistrado fai tres meses mantense nos 0,85 puntos porcentuais.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Marzo 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	231	254	10,0	6	10	66,7	1	0	-----	238	264	10,9
Pesca	152	145	-4,6	10	6	-40,0	1	2	100,0	163	153	-6,1
Industria	1.521	1.632	7,3	14	14	0,0	1	2	100,0	1.536	1.648	7,3
Construción	803	936	16,6	23	22	-4,3	5	3	-40,0	831	961	15,6
Servizos	2.790	3.061	9,7	29	50	72,4	8	6	-25,0	2.827	3.117	10,3
Total	5.497	6.028	9,7	82	102	24,4	16	13	-18,8	5.595	6.143	9,8

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Marzo 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	708,8	780,9	10,2	18,4	30,7	67,0	3,1	0,0	-----	730,3	811,7	11,1
Pesca	891,8	878,2	-1,5	58,7	36,3	-38,1	5,9	12,1	106,3	956,4	926,7	-3,1
Industria	1.047,8	1.109,1	5,8	9,6	9,5	-1,3	0,7	1,4	97,1	1.058,2	1.120,0	5,8
Construción	1.010,1	1.164,1	15,2	28,9	27,4	-5,4	6,3	3,7	-40,7	1.045,3	1.195,2	14,3
Servizos	377,5	401,1	6,3	3,9	6,6	67,1	1,1	0,8	-26,9	382,5	408,4	6,8
Total	542,4	579,7	6,9	8,1	9,8	21,3	1,6	1,3	-20,9	552,1	590,8	7,0

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

O sector da construción foi o sector no que o número total de accidentes medrou máis (por riba do 15%)

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, pero a redución porcentual foi menor en case que tres puntos porcentuais á redución no número de accidentes.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Maio 2024)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	13	-1	2.219	395	2.586	-5.933
España	383	-46	118.849	-55.324	317.343	-264.943

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

número de persoas traballadoras participantes. O número de folgas en Galicia pasou de 14 a 13 mentres que o de participantes medrou por riba do 21%, sen que este incremento no número de persoas traballadoras en folga se vira acompañado dun aumento no número de xornadas non traballadas, logo de que se reduciran no período en preto do -70%. En España todos os valores destes parámetros indican unha redución da conflitividade: o número de folgas se reduciu en preto dun -11% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo en preto do -32%, mentres que as xornadas non traballadas se reducion no -30% fronte ao acontecido nos cinco primeiros meses de 2023

Expedientes de Regulación de Empleo

Os datos recollidos ata o mes de maio de 2024 na *Estadística de expedientes de regulación de empleo* publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social amosan que o número de persoas traballadoras en ERE en Galicia reduciuse á metade, redución que, aínda que de xeito máis cativo, tamén se rexistrou en España, onde acadou o -39%. Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada no parágrafo anterior, os despedimentos colectivos aumentaron con forza en Galicia (o 56%) e en España (moito menos, o 4%), aumentos que corroboran as

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Maio 2023-2024

	TOTAL		DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE XORNADAS			
	Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior			
	Valores absolutos		Valores absolutos		Valores absolutos		Valores absolutos		Valores absolutos		Valores absolutos			
	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %	Absolutas	En %		
Galicia	5.390	-5.315	-50%	775	279	56%	4.435	-5.298	-54%	190	-58	-24%		
España	61.087	-23.847	-28%	14.051	489	4%	43.073	-19.755	-31%	3.963	-309	-7%		

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social)

tendencias xa observadas en 2023, e foron os ERE de redución de xornadas (-24% en Galicia e -7% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expedientes.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2018-2024

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	6,3	20,9	9,8	1.965,6	6,4	15,1	9,9

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

traballadora en Galicia respecto a España rexistrou unha redución de tres puntos porcentuais ata ficar no -10,9%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva no primeiro trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do primeiro trimestre anterior nun 9,8% e nun 9,9% respectivamente. No caso de España tamén o fixeron, aínda que en porcentaxes inferiores (o 7,4% os custos laborais e o 7,2% no caso dos custos salariais). Un trimestre máis os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, fican por riba dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes tanto en Galicia como en España.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2024

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.207	41.295,5	-48	-51,6%	186	-13,4%
Sociedades que ampliaron capital	277	99.431,5	-48	-34,8%	15	25,8%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

con respecto dos dous períodos de referencia (por riba do -51% e do -13% respectivamente) o que significa que as empresas de nova constitución están a facelo con capitais inferiores aos do período de referencia.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén diminuíu respecto do primeiro trimestre e fíxoo nunha porcentaxe aínda maior (preto do -15%) ao do número de sociedades constituídas. Respecto do segundo trimestre de 2023 o número de sociedades medrou, neste caso en preto do 6%. Se atendemos ao capital ampliado, este baixou con respecto do anterior trimestre en preto do -35% en por riba do -25% con respecto ao que acontecera fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2024

	2T24	1T24	2T23
Sociedades disolvidas	281	559	254
Sociedades que reducen capital	51	96	61
Sociedades en situación concursal	70	60	58

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

procesos de escisión de empresas, tres menos que no primeiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión fícaron en sete fronte aos 21 do primeiro trimestre do ano e os cinco de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro semestre de 2024, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu once ditames sobre normativa laboral autonómica, trece menos dos emitidos durante o mesmo semestre de 2023.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro semestre deste ano tiveron entrada no AGA 79 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, nove menos das que foron recibidas no 2023. Entre as 47 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (nove menos que no primeiro semestre de 2023), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 66,0%. Así mesmo, durante este semestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes seis meses tiveron lugar na sede do Consello 27 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 9 Convenios colectivos de sector. En dous deses sectores -Instalacións deportivas e ximnasios de Galicia e Pompas fúnebres de Galicia- a actividade negociadora rematou coa sinatura do novo Convenio colectivo de Sector.

Para rematar, e dentro da nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre tivo lugar a presentación en Santiago de Compostela do *Estudo comparado sobre o dereito á negociación colectiva no traballo doméstico en Alemaña, Francia, Italia, Portugal e Reino Unido*, estudo elaborado por encargo do Consello a Jesús Martínez, Xosé Manuel Carril, Alberto Arufe e Iván Vizcaíno.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

